

# ESTUDIO SOCIOECONÓMICO DA LOCALIZACIÓN DOS ESTUDIOS UNIVERSITARIOS E PROFESIONAIS DE MONTES, DO SECTOR DA MADEIRA E DO MOBLE, DO SECTOR AGROFORESTAL EN GALICIA

PEDRO ARIAS VEIRA

Departamento de Fundamentos da Análise Económica  
Universidade de Santiago de Compostela

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración  
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Planificación universitaria racional e contrastada, Sector agroalimentario, Sector agroforestal.*

Key words: *Rational and contrasted University planning, Farming sector, Forestal sector.*

## Resumo

*Neste artigo faise unha análise comparativa da localización dos estudos de Montes, do sector da madeira e do moble nos Campus de Lugo e Pontevedra (Complexo Lourizán), tendo en conta as dimensións estratéxicas para o desenvolvemento en Galicia dos sectores agroalimentario e agroforestal.*

## Abstract

*In this article we make a comparative analysis of the location of the studies about mountains, about the sector of wood and furniture in Lugo and Pontevedra's fields (Lourizán complex), having in mind the strategical dimensions for the development in Galicia of the farming and forest sector.*

## 1. O SECTOR FORESTAL GALEGO E O SEU APARATO EDUCATIVO E DE INVESTIGACIÓN EN COMPARACIÓN CON OUTROS PAÍSES

España, co 23,45% de superficie forestal, xunto con Francia, co 27,45% , son os países

da Comunidade Europea (CE) que posúen a maior superficie forestal; séguelle Alemaña co 13,4%. Sen embargo, en produción de madeira, Francia ocupa o primeiro lugar co 28,6%, seguida de Alemaña co 27,6% e de España co 13%<sup>1</sup>.

Galicia, xunto co norte de Portugal, Asturias, Santander e Francia é a área climática máis favorable de Europa para a produción forestal, ó estar situada nunha zona ecoloxicamente moi favorable en chan, clima, humidade, pluviometría, etc. (mentres que algunhas especies forestais necesitan en Alemaña 65 anos para desenvolverse, en Galicia fano en 25 anos).

Galicia é unha das maiores produtoras de madeira de España e tamén de produtos derivados do monte. En 1992 Galicia representaba en produción de madeira en España o 24,16% do total e daba un valor de máis de 7.500 millóns de pesetas.

Galicia ten unha superficie forestal que representa o 2,10% da CE e o 3,25% da produción de madeira, estando por diante en dita produción de Bélxica, Dinamarca, Irlanda, Holanda, Luxemburgo, Grecia e, practicamente, ó mesmo nivel có Reino Unido, que ten unha

producción de madeira do 3,7% da CE. Unicamente están por diante de Galicia, Portugal co 8,8%, Italia co 8,7% e os xa nomeados Alemaña e Francia.

Non obstante, Galicia non conta coa infraestrutura educativa e investigadora no sector forestal e da madeira (nin tampouco cun dispositivo institucional, profesional, tanto público como privado, no ámbito forestal e da madeira) para colocala no lugar que lle corresponde pola súa potencial riqueza forestal e madeireira, tanto a escala española coma europea e mundial. Se contemplámo-la lista de centros educativos e de investigación do sector forestal, establecida mundialmente pola FAO, vemos que países coma Holanda, Bélxica, Dinamarca..., que teñen menor superficie e produción forestal ca Galicia, contan con máis centros educativos e de investigación do sector forestal, universitarios e non universitarios, e cun dispositivo institucional, tecnolóxico, científico e profesional moito máis potente e diversificado no campo forestal e madeireiro<sup>2</sup>.

Por citar a potencias mundiais no sector forestal, Suecia dispón de 4 centros universitarios e 41 centros non universitarios no campo forestal e da madeira; Finlandia, 2 centros universitarios e 33 non universitarios; Alemaña, 10 centros universitarios e 29 non universitarios; Noruega, 9 centros universitarios e 14 non universitarios; Francia, 6 centros universitarios e 18 non universitarios. Incluso Inglaterra, que ten unha produción de madeira similar a Galicia, ten 6 centros universitarios e 7 non universitarios na área forestal e da madeira.

## **2. A BASE LOXÍSTICA DE PONTEVEDRA (LOURIZÁN MISIÓN BIOLÓXICA, ETC.) PARA A CREACIÓN DOS ESTUDIOS SUPERIORES DO SECTOR FORESTAL**

Galicia conta cunha infraestrutura e uns servizos forestais, como os de Lourizán en Pontevedra que, debidamente potenciados desde o punto de vista universitario, contribuirían ó desenvolvemento forestal galego nos seus diferentes aspectos: produción-económico, protección-ecolóxico-ambiental e de ocio, sen esque-

ce-los produtos derivados do monte e o sector madeireiro e do moble.

En Lourizán, na provincia de Pontevedra, poderíase potenciar un complexo integrado de estudos e de centros de investigación do sector forestal, da madeira e do moble, desde a Formación Profesional, os estudos de grao medio, ata os estudos universitarios nos seus diferentes ciclos e os centros e institutos de investigación, así como a formación permanente de cursos especializados e postgraus que, a partir da realidade existente neste ámbito, serían de gran interese e importancia para Galicia contemplada no seu conxunto. Esta formación permitiría o desenvolvemento integrado do sector primario galego mediante a especialización de Lugo na área agrario-gandeira e da provincia de Pontevedra na área forestal-madeireira, o que é plenamente coherente, segundo a opinión de diferentes expertos españois, galegos e estranxeiros que, como veremos máis adiante, xustifican esta diversificación.

### **2.1. O COMPLEXO DE LOURIZÁN**

Consideramos que Lourizán e a provincia de Pontevedra son os lugares idóneos para a potenciación dos estudos e centros do sector forestal e da madeira, polas seguintes razóns:

En 1943 créase en Pontevedra o complexo de estudos e investigacións do sector forestal en Lourizán. A partir de aí comezan a funcionar en Lourizán:

— O Centro Rexional de Ensinanzas, Investigacións e Experiencias Forestais (CREIEF) co obxectivo, entre outros, de completa-las ensinanzas desenvolvidas pola Escola de Enxeñeiros de Montes de Madrid e de estende-la acción do Instituto de Investigacións e Experiencias Forestais nunha zona (o noroeste) especialmente indicada para estes fins. No órgano de Goberno deste centro figuran o Director da ETS de Enxeñeiros de Montes da Universidade Politécnica de Madrid e o Presidente do Instituto Nacional de Investigacións Agrarias.

— O Centro de Investigacións Forestais, que é o herdeiro do Departamento de Produción Forestal.

— A Escola de Capataces Forestais.

As instalacións, infraestrutura e servizos principais deste complexo de estudos e investigacións forestais son as seguintes: un terreo de 54 ha., cun arboredo con máis de 400 especies, algunhas únicas en Europa; 6 ha. de morteiros de castiñeiros híbridos resistentes á tinta, que é a maior colección mundial deste tipo; invernadoiros, viveiros, laboratorios de Patoloxía e Sementes, Fogos forestais, Tecnoloxía da madeira, Bioloxía, Botánica e Química Forestal. Un pazo de dúas plantas, con biblioteca, talleres e almacéns. Outro edificio para a Escola de Capataces, con aulas, despachos, biblioteca, dormitorios, comedores, almacéns e cociñas.

Lourizán vén desenvolvendo múltiples actividades no campo da ensinanza e da investigación no sector forestal e da madeira, ó máis alto nivel: cursos de doutoramento da ETS de Montes de Madrid, múltiples proxectos de investigación e desenvolvemento en colaboración con centros de investigación doutros países, organización de congresos e simposios internacionais, realización dun amplo número de publicacións científicas e de cursos, cursiños e xornadas técnicas, lugar destinado ás prácticas dos estudos da ETS de Montes de Madrid dado o carácter de Lourizán como residencia forestal do devandito Centro, estancia profesional de científicos de todo o mundo, que o seleccionan para levar a cabo as súas investigacións e proxectos, explotación científica, profesional e económica do terreo, etc.

### 2.1.1. Recoñecemento internacional e estatal do complexo de Lourizán

O complexo de Lourizán recoñeceuse como centro especializado nas ensanzas e na investigación forestal polos seguintes organismos e institucións:

— A FAO publica unha lista mundial dos centros educativos e de investigación do sector forestal na que aparece Lourizán.

— O Pleno do Parlamento Galego, en sesión celebrada o 24 de novembro de 1987, aprobou por 55 votos a favor e ningún en contra, o dictame emitido pola Comisión para o Estudio dos Incendios Forestais en Galicia, onde

*expresamente se facía un recoñecemento do centro de Lourizán no campo das ensanzas e da investigación forestal e mesmo se sinalaba que "en Lourizán impártense cursos monográficos que teñen recoñecida a súa idoneidade como disciplinas de doutoramento da ETS de Enxeñeiros de Montes de Madrid". Neste informe, en diferentes propostas, recomendábase a potenciación do centro de Lourizán.*

— No boletín nº 5 de xaneiro-marzo de 1991 da Asociación para o Fomento da Riqueza Forestal de Galicia, un investigador da área forestal de prestixio mundial, o Dr. James J. Jenkinson, da Universidade de Berkeley, California, do Pacific Southwest Forest and Range Experiment Station —Centro de Investigación Forestal de California, que depende do Departamento de Agricultura— fai grandes eloxios sobre o centro de Lourizán, co que colabora desde 1979 e ó que seleccionou para pasar o seu ano sabático investigando no devandito centro. Di o Dr. Jenkinson a propósito de Lourizán: "O programa de introducción de especies de Lourizán e o proxecto de xenética forestal en Berkeley enfócanse sobre as mesmas especies forestais e algunhas das nosas coleccións de procedencia poderían ser usadas por Lourizán en ensaios comúns. De calquera forma, realizáronse recoleccións especialmente para Lourizán"(...) "O papel de Lourizán foi decisivo na concesión do meu ano sabático. Para poder vir aquí durante un ano necesitaba tres cousas: a primeira, que o centro ó que se quere viaxar teña un prestixio recoñecido, condición que cumpre sobradamente Lourizán; despois, no ámbito internacional, que Lourizán aceptara a miña proposta de traballo e posteriormente que obtivera unha invitación oficial da Administración española. Con estes apoios presentei unha proposta ó Comité conxunto hispano-americano para cooperación científica e tecnolóxica que foi aceptada" (...) "Penso que Lourizán reúne tódolos elementos necesarios para que un investigador obteña éxito no seu traballo e sexa feliz realizándoo. A primeira razón reside en que dispón dun grupo de científicos diversos e especializados que se apoian mutuamente. A segunda, os usuarios da investigación, os técnicos dos servizos forestais, da industria e os propietarios, que non só son

unha base senón que proporcionan as cuestións e identifican e centran os problemas sobre os que a investigación debe desenvolverse. A terceira razón son os estudantes da Escola de Capataces, na que os investigadores teñen a oportunidade de ensinar e que tamén fan preguntas en forma diferente, permitindo enfoca-los problemas de forma distinta. A cuarta razón é a xente que fai posible a investigación: administrativos, obreiros, etc. Todos estes grupos xuntos proporcionan para min un medio excelente para o desenvolvemento das investigacións. En Berkeley chamámoslos 'the research family' (a familia da investigación). As outras razóns son a situación física e a súa dotación, o poder dispor xuntos de laboratorios, oficinas, arboredo, invernadoiro, viveiros e áreas de especialización, fano especialmente atractivo. Por último, o ter asociada a Lourizán unha actividade comercial que pode proporcionar soporte económico autónomo para algún dos seus proxectos. Na miña opinión esta é unha excelente vía para asegura-la continuidade da investigación forestal a longo prazo, proporcionando un nivel básico de financiamento nos anos nos que a Administración non pode proporcionar-los fondos necesarios para iso" (...) "Hai moitas liñas diferentes na investigación forestal e todas elas son necesarias, pois a administración dos bosques suscita moitos e complexos problemas. Vostede só necesita mira-la lista de proxectos que actualmente desenvolve Lourizán para darse conta de iso, por exemplo atopará proxectos sobre protección forestal (incendios, enfermidades e pragas), solos, selvicultura, tecnoloxía da madeira, hidroloxía, uso integral do monte (pastos, cogomelos, froitos) ou Ecoloxía Forestal. As nosas áreas de investigación en Berkeley, na estación do sudoeste do Pacífico, son, en esencia, as mesmas que en Lourizán. Hai 21 proxectos de investigación e programas especiais, dirixidos nos mesmos camiños. O que non é sorprendente, pois as nosas paisaxes e climas en California e Oregón son moi similares ós do norte de España" (Estados Unidos, que é unha das principais potencias mundiais no campo forestal, conta, segundo a lista da FAO, con 73 centros universitarios e 66 non universitarios no campo forestal).

— Na documentada obra do investigador forestal alemán, Dr. Erich Bauer Manderscheid, *Los montes de España en la historia* (Ed. Ministerio de Agricultura, 1980, 610 páxs.), no capítulo 5, "La evolución del tratado cuidadoso del bosque y de la ciencia forestal" (pp. 181-343) e dentro deste, no apartado que analiza a creación da Escola de Montes en España, inclúese unha referencia especial ó complexo de Lourizán (pp. 265-269, con fotografía do pazo de Lourizán) como estación experimental selvícola e escola de verán para os alumnos da Escola de Montes de Madrid. Dise literalmente no devandito apartado: "*Una ayuda eficaz para la enseñanza práctica en los bosques la constituyen las residencias que posee la Escuela en la sierra de Guadarrama y en Galicia. En Lourizán (Pontevedra) dispone de un palacio del siglo pasado con un magnífico parque. Al lado del palacio se encuentra hoy una estación de investigación forestal y una Escuela de Capacitación Forestal para la región gallega, que es una de las más forestales de España*".

A continuación, Bauer, no marco da análise da creación e desenvolvemento do complexo educativo e de investigación forestal que hai en España, analiza o Corpo de Auxiliares Facultativos de Montes, que despois pasarían a chamarse Axudantes, Peritos e na actualidade Enxeñeiros Técnicos Forestais, e establece: "Para completa-lo cadro da ensinanza para o persoal forestal botemos unha ollada á historia da Gardería de Montes (...)". Coa fundación das Escolas de Capacitación Forestal en Coca, Lourizán, Villaviciosa de Odón (onde botou a anda-la Escola de Montes, antecesora da actual ETS de Enxeñeiros de Montes situada na Cidade Universitaria de Madrid), Cazorla e Xaca, o país dispón hoxe de moi bos centros de educación para a Gardería Forestal (a obra de Bauer inclúe, tamén, neste apartado, dúas fotografías destes centros, as relativas á Escola de Capataces Forestais de Lourizán e de Coca).

Sinalemos que no século XVIII nace en Alemaña a ciencia forestal. A obra *Grundsätze der Forst-Okonomie (Principios da Economía Forestal)*, que foi considerada como unha aportación fundamental no sector forestal, publicouse en 1757 por Wilhelm Gottfried von Moser,



Director Xeral de Montes en Württemberg (Alemaña).

A finais do século XVIII xurdiron en Alemaña pequenas escolas particulares de Montes, destacando a de Heinrich Cotta (un dos principais impulsores da ciencia forestal europea) en Zillbach que, posteriormente, foi oficialmente recoñecida en 1795 polo Estado e que despois se trasladou a Saxonia, a Tharandt, onde Cotta dirixía a ordenación forestal. A Escola de Montes de Tharandt de Cotta acadou fama internacional e foi a matriz doutras moitas Escolas de Montes, como as de Francia, a URSS e España. Agustín Pascual (1818-1884), pai da ciencia forestal española, estudou na Escola de Montes de Tharandt e a partir da súa estadía en Alemaña fundou, xunto con Bernardo de la Torre Rojas, a Escola Especial de Enxeñeiros de Montes de Villaviciosa de Odón (Madrid) en 1847, na que foi profesor de selvicultura durante moitos anos. Esta Escola é a antecesora da actual ETS de Enxeñeiros de Montes de Madrid emprazada na Cidade Universitaria.

Á Escola de Tharandt acudiron a ampliar estudos outros importantes científicos forestais españois (Esteban Boutelou, etc.), que tiveron destacados papeis no desenvolvemento dos estudos forestais en España. De Tharandt viñeron tamén a España diferentes investigadores forestais.

Desde mediados do século XVIII<sup>3</sup>, coa época da Ilustración, formáronse en Europa sociedades económicas, co fin de promover o sector agrícola e forestal, o estudo das ciencias da natureza, a economía, o comercio e as artes. Este movemento naceu en Zurich (Suiza), en 1745, estendéndose rapidamente por todo o continente. O 7 de xaneiro de 1765 formouse a primeira sociedade en España, a do País Vasco, que se denominou Asociación Vascongada de Amigos do País, e case ó mesmo tempo, o 12 de febreiro daquel ano, fundouse a da Coruña, en 1784 fúndase a de Santiago...

D. Pedro Rodríguez Campomanes, fiscal do Consello de Castela, exerceu unha grande influencia na formación das Sociedades de Amigos do País, que se estenderon por toda España. Os socios procedían de tódalas profesións pero os que máis abundaban eran profesos-

res, mestres, médicos, economistas... e tamén eclesiásticos e alcaldes. Como modelo tomouse a "Okonomische Gesellschaft" (Sociedade Económica) de Berna, fundada en 1758, asociación que realizou un fecundo labor no ramo de montes, axudando a fundar a ciencia forestal naquel país. Entre as tarefas que propuxeron os Amigos do País estaban, en primeiro lugar, conferencias, certames, premios, publicacións sobre asuntos de utilidade pública como, por exemplo, a repoboación forestal, etc.

Nesta liña, a Asociación de Valencia premiou en 1800 a memoria dun dos seus membros, D. Joaquín de la Croix y Vidal, titulada *Indicación de los montes del reino de Valencia; clase, calidad, uso y abundancia o escasez de sus maderas, ríos y carreteras que facilitan a su extracción; causas de la decadencia de los bosques de este reino, medios de evitarla y de asegurar su permanencia*. De la Croix lamenta: "la decadencia y mal estado de los montes" que obriga ó Goberno a importar piñeiros do norte de Europa, faias e carballos de Italia, así como cedro, caoba e outras madeiras de América, e engade: "¿Cuán interesante sería al Estado encontrar en los dilatadísimos montes de Asturias, Navarra, Aragón, Galicia, Cataluña y otros la abundancia de madera de que son capaces e que se conoció en otros tiempos, pero ya no existe..." . As causas principais da decadencia do bosque que menciona de la Croix son:

- 1) o aumento da poboación e do comercio;
- 2) excesivas cavaduras de terras para a agricultura;
- 3) os incendios dos pastores e outras malicias;
- 4) os excesivos cortes e as rozas feitas sen coñecementos;
- 5) a falta de explotación de minas de carbón pedra; as mesmas leis promulgadas para favorece-lo aumento e crías de árbores.

O autor refírese ós abusos dos concellos, dos empregados do Estado e ás propias leis que provocaron as resistencias e protestas dos propietarios de montes. De la Croix é un dos primeiros analistas forestais que subliña a importancia do bosque para o clima e a protección do medio natural.

En 1865, Antonio de Valenzuela Ozores, Catedrático de Historia Natural do Instituto Provincial de Pontevedra, publica *Memoria agronómica o consideración sobre el mejoramiento forestal, práticamente y pecuaria de la provincia de Pontevedra*, que comeza coa cita de Humboldt: "Cortando as árbores que cobren o cume das ladeiras das montañas, os homes, baixo tódolos climas, preparan ás xeracións futuras para dúas calamidades ó tempo: falta de combustible e carestía da auga".

Sobre os montes de Galicia di: "O carballo campa só ou alternando con algúns individuos illados e espontáneos doutras especies, como acivros e arraiáns nas ladeiras altas e nalgunhas mesetas do interior. Orixinándose da semente que se desprende outro inmediato e que non foi destruído polo gando nos terreos acoutados... medra sobre un terreo empobrecido... E a penas agroman as primeiras xemas son devoradas polos animais ou segadas pola fouce do labrego que as arrebatada, ó par dos breixos e toxos con que forma os seus esquilmos. Se a planta sobresa, a pesar de todo, ten que sufrirlos cortes periódicos. Esta é a pintura exacta da pobre existencia das nosas carballeiras, conxunto desordenado de árbores raquíscas, tortas, gretadas e nodosas que farían dubidar das boas condicións do país se non existisen para comprobalas algúns individuos xigantescos e seculares próximos ás choupanas das aldeas ou ante as portas das casas orixinarias da antiga nobreza". A continuación, Valenzuela describe como o *Pinus Pinaster* vai conquistando lentamente o terreo forestal pola forza propia do pioneiro e, en parte, por plantacións: "Nalgunhas mesetas do interior, desde hai poucos anos, e en tódolos cotarelos e outeiros da costa, desde un tempo máis afastado, esténdese o piñeiro marítimo como especie forestal predominante, ou ben, alternando co carballo e sobrepoñéndose a el xeralmente. A altura e rectitude da súa talla e a facilidade con que se adapta a vivir nos terreos lixeiros e descubertos concedéronlle unha grande importancia que aumenta pola aplicación da súa madeira ás construcións navais e pola rapidez do seu crecemento". O autor menciona "que hai persoas dalgunha ilustración" que cultivan este piñeiro en monte pechado e advirte que esta realidade é a causa de que o seu cultivo non

adoeza de tantos defectos coma o carballo. Relata, ademais, que nas pendentes e chairas pouco elevadas crece o piñeiro de piñóns.

Sobre o castiñeiro comenta: "poboaba noutros tempos tódalas ladeiras que arrodean os vales do país, tódalas reducidas chairas dos montes baixos, tódolos canellóns, tódolos puntos onde o transporte das augas amoreou o humus das alturas. Aínda se ven como restos de tan extensas plantacións, na pendente dalgunhas montañas, liñas dilatadas destas árbores que parecen ascender ó cume. Entón era escaso tamén o saber dos labregos, pero máis apegados á terra e menos ávidos de rápidas ganancias, deixaban ós seus fillos a árbore protectora da familia, que a alimenta co seu froito, lle da follaxe e a enriquece coa súa madeira, que apoia a súa vide e sostén a trabazón das súas vasillas que encerran os seus grans e presta duradeiro material ás súas vivendas. Por iso, na plantación do castiñeiro obsérvase menos descoido e ignorancia que na do carballo. Nalgunhas terras profundas e ricas do litoral e nos vales do interior plántanse, desde hai algúns anos, castiñeiros que se utilizan para monte baixo (trepezal) e producen ganancias considerables". Valenzuela aconsella o cultivo do castiñeiro, sobre todo, como monte alto para lograr madeira. Isto tería un éxito seguro no porvir se o agricultor da provincia (Pontevedra) soubera elevar un pouco a rexión do seu cultivo e deixarlles ás plantas anuais o límite inferior".

Valenzuela sinala as especies que se atopan ó lado dos ríos e regatos: o ameneiro, o álamo e o salgueiro; relata que nos vales de tódolos ríos se atopa a sobreira, a nogueira, o ciprés e gran variedade de froiteiras, así como nas canellóns húmidos, o freixo e o vime. Di: "Desta lixeira ollada advírtese facilmente os inmensos baleiros que deixa a selvicultura de Pontevedra no exíguo número das súas especies forestais, no pouco interese con que se mira a introdución doutras, no lamentable abandono das que posuímos e na escasa intelixencia con que cultivamos aquelas que pretendemos conservar. Cómpre, para corrixi-los males de tal situación e previ-los posibles perigos doutra máis terrible, repoboa-los nosos bosques coas especies arbóreas que deron mellores resultados en países análogos ó noso e aceptar para elas, o mesmo

que para as especies indíxenas, as melloras que recomenda a ciencia moderna no cultivo". A continuación describe o autor numerosas especies forestais indíxenas e estranxeiras.

Na época que escribiu Valenzuela este traballo forestal, os enxeñeiros forestais promoveron unha política de repoboacións forestais que tivo que enfrontarse á poboación rural que as rexeitaba, pois supoñían para esta unha redución dos seus antigos aproveitamentos de pastos, leña e follaxe verde. Esta resistencia alcanzou especial virulencia en Galicia cando José Jordana, sobre o ano 1890, realizou unha inspección das repoboacións preto de San Xenxo en compañía do seu secretario, Sagasta, e do enxeñeiro xefe do distrito forestal de Pontevedra, Fenech, e foi atacado enerxicamente por un grupo de campesiños que o obrigaron a abandonar-lo terreo.

— No Boletín de Información Agraria *El Campo* (editado polo Banco de Bilbao, nº 98, abril-xuño 1985) destinado monograficamente ó sector forestal co título, *Bosques y Montes de España*, o Catedrático da Universidade Politécnica de Madrid, Alberto Pardos Carrión no artigo "Investigación Forestal" e dentro do apartado, "La investigación forestal institucionalizada en España" sinala: "A incorporación de novos científicos ós cadros de persoal iniciais foi permitindo aumenta-lo abano de temas tratados e adquirindo rango de sección os estudos encadrados en flora forestal, chans e clima, xenética, repoboacións, hidráulica, selvicultura e ordenación, madeiras, resinas... Créase o Centro Rexional de Lourizán que axiña adquiriu un prestixio singular, o laboratorio de ictiología e as seccións de fisiología vexetal e patoloxía e conservación da madeira. No artigo "Forestación en especies" publicado no mesmo número por Fernando Molina, Dr. Enxeñeiro de Montes-INIA, tamén se citan investigacións forestais realizadas en Lourizán.

— No Centro de Lourizán celebráronse: as Xornadas Técnicas Estatais sobre Incendios Forestais e a súa Prevención, a Reunión Internacional do Instituto Nacional de Investigacións Agrarias (INA), a International Union of Forestry Research Organizations (IUFRO) na que

participaron os expertos forestais do máximo prestixio internacional (1982), o Congreso Internacional sobre o Castiñeiro (1984), o Simposio sobre Xenética Forestal (1986), etc.

## 2.2. OUTROS CENTROS E ESTUDIOS DE PONTEVEDRA EN CONEXIÓN COS ESTUDIOS DE MONTES

En Pontevedra, tanto na cidade como na provincia, atópanse os seguintes centros e institucións que fan do devandito ámbito o lugar máis idóneo para crear e potencia-los centros educativos e de investigación do sector forestal e da madeira nos diferentes niveis (formación profesional, estudos universitarios de primeiro, segundo e terceiro ciclo, centros e institutos de investigación do forestal, a madeira e o moble), sempre e cando estean debidamente planificados no contexto xeral do desenvolvemento de Galicia e conteñan os recursos, o persoal, os equipamentos, a infraestrutura, os servizos e as instalacións necesarias.

— Na Estrada, Pontevedra e Vigo hai centros de Formación Profesional de 1º e 2º grao da rama da Madeira que, ademais, dan acceso á Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Forestal, ó igual que sucede cos estudos de Formación Profesional da rama Agropecuaria que hai na Cañiza, Forcarei e Pontearas.

— Na Estrada, que como dixemos ten un centro de FP na rama da Madeira, hai tamén localizadas máis de dez fábricas de mobles (unha das maiores concentracións municipais de fábricas de mobles de toda Galicia), onde anualmente se celebra a única Feira do Moble de Galicia, que a partir do ano 93 recibe un importante impulso pero que aínda non ten a forza, o nivel e a repercusión galega, española e internacional a tono coa potencia madeireira de Galicia.

A Deputación e outros organismos tanto públicos como privados con base nesta realidade que se dá no sector da madeira e do moble da Estrada e, nun sentido máis amplo, en toda a provincia, poderían crea-lo *Centro de Estudios, Formación e de Investigación da Madeira e do Moble* na mesma liña que, por poñer por caso,

a Escola Superior de Ebanistería de Avignon ou que a Escola da Madeira e do Moble de Quebec (Suecia con multinacionais do moble como, por exemplo, Ikea é un dos primeiros exportadores do mundo no devandito sector)<sup>4</sup>.

A Deputación de Pontevedra podería, neste campo, segui-lo positivo exemplo da Escola de Canteiros que creou no seu seo, e do Centro de Investigación da Pedra que ten tamén prevista a súa creación.

— En Silleda celébrase a Semana Verde Internacional que ten un importante apartado destinado ó sector forestal. Lembremos ó respecto que os expertos e investigadores do sector forestal insisten á hora de elabora-la política forestal no destacado papel que hai que reservarlle á función divulgadora.

— En Pontevedra ten a súa sede a Asociación para o Fomento da Riqueza Forestal de Galicia (en Santiago está a sede da Asociación Forestal de Galicia, que está realizando un importante labor no campo do asociacionismo e cooperativas de montes, creándose algunhas das primeiras Asociacións de Propietarios de Montes na provincia de Pontevedra) e a Empresa Nacional de Celulosas de España acordou crear en Pontevedra o Centro de Investigacións das devanditas empresas.

— Na cidade de Pontevedra atópase, desde 1920, a *Misión Biolóxica de Galicia*, creada baixo a inspiración da Institución Libre de Ensinanza pola Xunta de Ampliación de Estudos e que, inicialmente, foi dirixida por Gallastegui, que mantivo unha colaboración intensa co Seminario de Estudos Galegos.

Á Misión Biolóxica pertence o terreo de Gandaron, en Pontevedra, e nesta institución científica realízanse investigacións que teñen unha marcada repercusión no campo forestal.

— Sitúanse tamén en Pontevedra: a Dirección Provincial do Ministerio de Agricultura, da que dependen os organismos da Xefatura Provincial do ICONA e a Xefatura de Producción Vexetal, de Pragas e Inspección Fitopatolóxica. Moitos destes organismos pasaron a depender da Xunta de Galicia, concretamente da Consellería

de Agricultura, que ten unha sede en Pontevedra. Dependendo da Xefatura Provincial do ICONA hai en Pontevedra 4 Casas Forestais, unha piscifactoría, o edificio central de Pontearreas e un viveiro central en Tui. Están, ademais, en Pontevedra: a Estación de Fitopatosocioloxía, o Instituto Xeográfico Nacional e en Vigo, o Instituto de Investigacións Pesqueiras que afecta á acuicultura continental e ás piscifactorías (actividades que se encadran no sector forestal) e o Instituto Oceanográfico.

No curso 91-92 creouse no Campus de Pontevedra a Escola Universitaria de Enxeñeiros Técnicos Forestais-Industrias Forestais.

— En Vigo atópanse os estudos de Bioloxía e Químicas (Colexio Universitario), a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais e de Telecomunicacións e a Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial, que poden desempeñar un importante papel interdisciplinario no desenvolvemento do sector forestal e da madeira, na liña de experiencias que se están levando a cabo noutros países como Bélxica —Universidade de Lovaina, que está á cabeza da polimerización (mestura de madeira e plásticos co fin de aumenta-las calidades estéticas e illantes da madeira e que teñen unha grande aplicación no sector da construción, entre outros)—.

En colaboración entre os Centros superiores de Industriais, Telecomunicacións, Bioloxía, Químicas cos centros de estudio en investigación do sector forestal e da madeira, preténdese adapta-la formación técnica, científica e profesional ós novos usos da madeira, vincula-las investigacións tecnolóxicas coas potencialidades forestais da zona e da rexión, desenvolve-la concepción de nova maquinaria á medida dos recursos forestais existentes, á potencialidade e características dos montes, á diversidade dos contextos forestais e das súas especies e produtos forestais.

— Outra experiencia foi a desenvolvida polo Departamento de Automática e Regulacións Numéricas da Universidade Politécnica de Nancy (onde tamén hai unha Escola Nacional de Enxeñeiros de Montes) en colaboración con empresas do sector forestal (serradoiros, etc.)



para asesorar e presta-lo seu apoio no uso de maquinaria automática informatizada introducidas no proceso productivo das devanditas empresas. O apoio consiste na asistencia e mantemento do dispositivo informático ("logiciel"), a concepción de "logiciels" máis flexíbeis e doados de manexar polos traballadores, a posta en marcha da formación no seo da empresa para domina-los procesos productivos máis informatizados e a realización de telediagnósticos que permitan o mantemento dos novos procesos productivos. Todo iso foi posible por unha colaboración interdisciplinaria entre os centros de estudio e investigación do sector forestal e os centros de estudio superiores da área industrial, etc. en contacto directo co contexto, coas necesidades económicas e sociais da zona e da rexión.

— Outras iniciativas que se levaron a cabo nesta dirección foron: a introducción de robots de vernizado e o desenvolvemento de novas máquinas de acuñado, a experimentación de novos prototipos de hábitats e chalés de estrutura de madeiras adaptadas ó terreo e á paisaxe, potenciación das esencia nobres dos bosques desde o punto de vista do mercado e da ecoloxía en relación co fomento da función protectora do bosque (ecolóxica e ambiental) e de ocio (parques naturais, parques nacionais, reservas biolóxicas nacionais, sitios naturais de interese, refuxios de caza, reservas integrais, paraxes naturais, ecosistemas de montaña, etc.). En Galicia conta con verdadeiras posibilidades neste sentido: Macizo de Queixa/San Mamede/Invernadoiro, Serra de Ancares e do Caurel, Monte Castrove, Mougas, Pena Trevinca, Serra de Xurés, Macizo do Pindo, Serra de Barbanza, Fraga de Caveiro, Monte Aloia, A Capelada, Cabo Vilano, Serra de Cadramón/Xistral, Serra de Leboreiro, Serra de Suido, Monte Covelo, Montes de Lalín, Cabeza de Manzaneda, Illas de Ons e Onza, Ría do Eo, Lagoa de Valdoviño, Ría de Ortigueira, Lagoa de Doniños, Marisma de Baldaio, Ría de Ponteceso, Marisma de Carnota, Lagoa de Louro, Enseada do Grove, Illas Sisargas, Marismas de Corrubedo, Illas Cíes, Illa de Colleira, Illa Saron, etc.<sup>5</sup>.

— En Pontevedra e a súa provincia hai un importante núcleo de fábricas, industrias e

empresas do sector forestal, madeireiro e do moble (fábricas de mobles, empresas de celulosa, cortiza, fábricas de cadeiras e torneado, recuperación do papel, protectores da madeira, artesanía da madeira, etc.).

### 3. O CONTENCIOSO ENTRE O SECTOR AGRÍCOLA-GANDEIRO E O SECTOR FORESTAL

Hai unha razón de peso que reforza aínda máis a necesidade de instalar e potenciar en Pontevedra os estudos do sector forestal e da madeira nas súas diferentes ramas (profesional, 1º, 2º e 3º ciclo universitarios, centros e institutos de investigación, etc.) para contribuír ó desenvolvemento nas mellores condicións á riqueza forestal de Galicia.

Expertos, investigadores e profesionais do sector forestal insisten que debido ó contencioso histórico que se deu no sector primario, entre o sector agrícola-gandeiro e o sector forestal, que en España e Galicia foi moi forte e no que sempre safu perdendo o sector forestal, *convén desenvolver autonomamente os estudos universitarios e a investigación do sector forestal que, ademais, no caso de Lourizán e Pontevedra dispón xa, como puxemos de manifesto, dunha axeitada "especialización e interdiscipliniedade", "familia de investigación", "masa crítica", recursos e equipamentos, infraestructura e servizos, e dun amplo e recoñecido prestixio internacional e estatal no campo das ensinanzas e investigacións forestais, que os fan os lugares máis recomendables para instalar no seu seo os estudos universitarios do sector forestal. Deste xeito potenciaríase o sector forestal galego nas mellores condicións: o sector agrícola-gandeiro dos estudos preferentemente na provincia de Lugo sen, por iso, esquecer-lo sector forestal; e o sector forestal dos estudos preferentemente en Pontevedra sen esquecer, tampouco, na provincia o sector agrícola-gandeiro.*

O Catedrático da Universidade Politécnica de Madrid, Alberto Pardos, no seu artigo "Investigación Forestal" (*El Campo*, nº 98) di ó respecto, dentro do apartado "Hacia una mejora de la investigación forestal española": "*A incorporación da investigación forestal a un organismo de investigación agraria que engloba a*

*investigación agrícola e gandeira non é unha medida que contribúa á mellora da investigación forestal. A especificidade dos ecosistemas forestais e os aproveitamentos de que son obxecto —fundamentalmente materias primas industriais en lugar de alimentos— esixen que as investigacións forestais discorran por vías propias, nas que para o seu percorrido non resulta vantaxosa a devandita integración. Polo contrario, esta conduce —de feito conduciu en España— á perda de conexión entre a investigación forestal e o propio sector, en boa parte dependente da Administración forestal, da que se desvincula a investigación; ou, dito noutras palabras, facilítase a desconexión da investigación forestal, co obxectivo primario da súa acción o monte".* Nestes mesmos termos insiste Paulino Martínez Hermosilla, Catedrático da Universidade Politécnica de Madrid, no mesmo número de *El Campo*, no artigo "Los bosques y montes en la política agraria".

Dr. E. Bauer Manderscheid en *Los Montes de España en la Historia* (Ed. Ministerio de Agricultura, 1980) especialmente o capítulo 5 "La evolución del tratado cuidadoso del bosque y de la ciencia forestal" (pp. 181-343), di: "Moi importante para o progreso da ciencia forestal, para a práctica do ramo de montes e para a industria forestal, foi a creación do Instituto de Experiencias Técnico-Forestais, unido á Escola de Montes. A súa fundación tivo lugar en 1907 proporcionándolles así ós alumnos unha excelente posibilidade de completa-la súa ensinanza. Destináronse tres montes de Ávila para a experimentación. Un dos obxectivos que se perseguía coa súa fundación era o de que os investigadores puidesen ser profesores da Escola (...). Esta colaboración obtivo excelentes resultados, colocando ó Instituto Forestal Español á cabeza de tódolos centros experimentais de Montes en Europa — E. Bauer, "El Instituto Forestal de Investigaciones Forestales en Madrid", *Revista Allgemeine Forstzeitsschrift*, München, 1962—. Máis tarde separouse o Instituto da Escola de Montes, pero ata a actualidade moitos profesores de Montes seguiron como xefes de sección no Instituto Forestal de Investigacións e Experiencias, como despois se lle denominou —lembramos como o Centro de Lourizán se puxo en marcha para continuar no Noroeste as ac-

cións e realizacións deste Instituto, ata o punto de que se denominou da mesma forma engadíndolle o apartado de "Ensinanzas"—. É demasiado axiña para vulgar se a disolución do Instituto, en 1971, e a súa unión cos centros experimentais agrícola e pecuario —formando o Instituto Nacional de Investigacións Agrarias, INA— constitúe un adianto (...). *Como o demostran as experiencias no centro de Europa, tales centros funcionan mellor como institucións independentes, dado que as súas actividades teñen fins diferentes e ás veces incompatibles".*

Véxanse, tamén: J.G. Fernández Tomás, "Análisis bisocial en la planificación del desarrollo. Ideas generales desde un punto de vista forestal" (*Agricultura y Sociedad*, nº 5, outubro-dembro, 1977, pp. 231-243); J.I. Castello, "Aprovechamiento forestal" (*Ciudad y Territorio*, nº 4, 1979); A. Brun, "La forêt dans l'économie rurale" (*Économie Rurale*, nº 154, 1983); F. Duroure, "Propositions pour une politique globale forêt-bois" (*Revue Forestière Française*, nº especia, 1992); A. Corvol, *L'homme aux bois* (Ed. Fayard, 1987); *Actes du colloque Société et Forêts* (Lyon, Ed. Association des ruralistes français, Nancy, 1990), *Actes du Symposium International d'Histoire Forestière* (Nancy, set. 1992, publ. ENGREF, Nancy, 1992, 2 vols.); *Actes du colloque L'Environnement et la Forêt, aspects écologiques et juridiques* (Dijon, marzo 1991, publ. AIDEC e SFED, Trévoux, 1989); A. Bary-Lenger, R. Evrard, P. Gathy, *La forêt-écologie, gestion, économie, conservation* (Liège, 1992); K.P. Davis [dir.] *Forest managements, regulation and valuation* (2ª ed., N.Y., 1966); B. Kalaora, D. Savoye, *Forêt et sociologie* (INRA-Rungis, 1989); F. Osmaton, *The management of forest* (Londres, 1991); P. Saint Marc, *Socialisation de la Nature* (Paris, 1992).

Pola súa parte, os enxeñeiros de montes, os expertos da Asociación para o Fomento da Riqueza Forestal, da Asociación Forestal de Galicia, de diferentes institucións públicas insisten, tamén, nestas mesmas razóns para xustifica-lo desenvolvemento autónomo dos estudos universitarios de montes en Lourizán ó destaca-la súa tradición investigadora, os seus laboratorios, terreo, arboredo, viveiros, a súa vinculación con mundo económico, etc.

#### 4. OS REQUISITOS DO CONSELLO DE UNIVERSIDADES PARA CREAR NOVOS CENTROS

O complexo de Lourizán cumpre cos requisitos que esixe o Consello de Universidades para a creación dun centro universitario: Os datos demográficos referidos á evolución da poboación de 19/25 anos, á demanda universitaria, á existencia de Colexio Universitario na provincia e de centros afíns. Os datos infraestructurais relativos ó emprazamento do centro no ámbito económico, á repercusión da creación do centro (abaratamento da educación universitaria para os alumnos da zona, diminución da emigración da zona, fomento cultural e conversión nun foco de atracción para a rexión). Os datos académico-xeográficos relativos á posible demanda de graduados e oferta actual dos mesmos nos estudos que hai que impartir, á distancia xeográfica con outro centro que imparte os mesmos estudos. Os medios materiais e humanos con que se conta para crealo centro: infraestrutura material (edificios propios, bibliotecas, laboratorios, terreos, viveiros, arboredo, instalacións forestais, etc.), infraestrutura vial (estradas, medios de transporte, distancia entre centros, etc.), formas de financiamento (propio, deputación, entidades de crédito, doazóns, vías económico-financeiras que permitan o financiamento do proxecto), persoal docente e investigador, auxiliar, administrativo, técnico e de servicios, posibilidade de contratar profesores asociados na zona. Capacidade material (superficie dispoñible total e edificada, aulas, laboratorios —clases e superficie—, espazos recreativos, comedores, dormitorios, zonas verdes, equipamentos, etc.). En Pontevedra (a área de Pontevedra, segundo datos de 1986, aportaba o 11,2% de toda a matrícula universitaria do distrito) dos 3.883 estudantes universitarios procedentes dos municipios da área pontevedresa, uns 3.000 teñen que desprazarse a outros campus distintos de Pontevedra, que contaba con dous centros: EU de Formación do Profesorado de EXB e a de Enfermería, que representan o 1,7% do total da oferta universitaria de Galicia no curso 89-90.. O campus de Pontevedra está emprazado nunha área de forte demanda educativa, que en 1989 cifrase en preto de 4.000

persoas e en 1996 en 10.835. A ETS de Enxeñeiros de Montes prevese que absorba 700 estudantes que, polos datos que facilitamos anteriormente e os contidos de forma máis extensa no Informe Suárez-Llanos sobre a localización en Pontevedra dos estudos do sector forestal, responde amplamente ós criterios demográficos, académico-xeográficos, materiais, económicos e humanos para instalar en Lourizán os estudos universitarios da área forestal, un complexo educativo e de investigación destinado ó sector forestal, do moble e da madeira que permita aproveitar e potenciar, nas mellores condicións posibles, a riqueza forestal de Galicia.

Un dos poucos expertos españois en educación forestal, o Dr. Enxeñeiro de Montes-M.S., Joaquín G. Fernández Tomás, sinalaba no artigo "Comentario sobre Educación forestal", publicado na revista Montes (nº 129, Madrid 1977, pp. 261-267) e escrito conxuntamente con Rolando Lasse (Enxeñeiro Forestal-M.S.): "Entre as diversas formas en que podería acelerarse a adquisición da experiencia práctica polos estudantes parécennos interesantes dous procedementos que, aínda que tal vez se practican xa nalgúns Escolas Forestais, non son en absoluto unha regra xeral: a) incluír, entre os cursos do plan de estudos, períodos de traballo en empresas ou organismos forestais (a tempo parcial durante o período académico ou a tempo completo durante as vacacións), e b) dota-las Escolas Forestais dunha extensión de terras que fosen administradas directamente pola Escola coa participación dos estudantes (podendo servir, incluso, como unha forma de financiamento da Escola, sobre todo en países con abundancia de recursos forestais non explotados)", "(...) a educación forestal sofre ás veces dunha inercia que fai que os programas de estudio e os métodos de ensinanza non se adapten coa rapidez axeitada ós cambios nas necesidades que pretenden satisfacer. Neste sentido son recomendables tódalas actividades de posta ó día do profesorado, como por exemplo a participación en conferencias e congresos, a cooperación e o contacto entre Escolas forestais de diversos países, o intercambio de profesores entre Escolas para dictar cursos breves, etc.". Parece que ámbolos dous autores escribiron este

apartado pensando en Lourizán (sinalemos que Lourizán financia unha boa parte do seu presuposto da explotación da súa finca, do que obtén 64,5% millóns de pesetas), pois cumpre os requisitos que sinalan para conseguir uns bos métodos de ensinanza, unha ensinanza forestal de calidade e recoñecida internacionalmente, como fixo no caso de Lourizán o experto internacional americano Dr. Jenkinson, que tamén apuntaba no caso do centro forestal pontevedrés os criterios sinalados polos enxeñeiros forestais Fernández Tomás e Lasse [véxase tamén J.G. Fernández Tomás, "El marco institucional para el desarrollo forestal" (*Agricultura y Sociedad*, nº 10, 1989, pp. 275-289)].

## 5. OS INFORMES DO CONSELLO SOCIAL E DA XUNTA DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO<sup>6</sup>

1) Os informes non *vinculantes* de ámbolos dous organismos son contradictorios en varias propostas, a pesar de que no Consello Social está representada a Universidade con dez (entre os que está parte do equipo rectoral) dos vinte-cinco representantes deste organismo e, o que é moito peor, a pesar de que o Presidente do Consello Social, despois de coñecer-lo informe da Xunta de Goberno, contrario en parte ó do devandito órgano, declarou que pactara a súa proposta co equipo rectoral. Sinalemos tamén que o equipo rectoral do Sr. Pajares, despois de tratar e discutir co Conselleiro de Educación e a Dirección Xeral de Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, así como con autoridades locais e provinciais, convocou un Claustro para tratar sobre a planificación universitaria de Galicia, no que se desmarcou do que previamente tratara cos devanditos responsables públicos.

2) En ningún caso, nin o Consello Social nin a Xunta de Goberno presentaron, para xustificar-las súas posicións, informes comparativos, estatísticos e cientificamente documentados (a escala internacional, estatal, nacional, provincial, etc.) nos que se comparasen obxectivamente os pros e os contras das diferentes propostas e, o que é máis importante, os escenarios alternativos de localización dos centros e dos estu-

dios no caso de que se suscitasen disxuntivas.

Os folios presentados polo Consello Social e a Xunta de Goberno ("Proposta de acordo sobre creación de novas titulacións" que ten unha extensión que non supera os dous folios) a maneira de informe tampouco recollen, e moito menos de forma comparativa entre os posibles escenarios de localización, o que, ó noso modo de ver, sería o correcto e pertinente: tódolos datos requiridos polo Consello de Universidade, os estatutos da Universidade de Santiago, etc. para a creación de novos centros —dos requirimentos do Consello de Universidades xa demos conta neste traballo— e que se refiren os seguintes: datos demográficos, académico-xeográficos, materiais e humanos.

3) O Consello Social realizou a súa proposta sen esperar a que a Xunta de Goberno elaborase o correspondente informe. A Xunta de Goberno tampouco esperou a que se pronunciase o Claustro que, por consenso, acordara constituír unha comisión e, posteriormente, pronunciarse sobre a planificación universitaria galega, e iso a pesar de que varios membros da Xunta de Goberno fixeran unha proposta no sentido de que era conveniente esperar a que se reunise o Claustro, proposta que foi rexeitada polo equipo rectoral.

A Xunta de Goberno nalgúns casos desestimou os informes elaborados polos departamentos sobre a creación de novos centros, como no caso do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración, no que se pronunciou no sentido contrario ó que informou o devandito Departamento, mentres que si considerou positivos os informes da ETS de Enxeñeiros Agrónomos e a EU de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo, pronunciándose pola creación de Enxeñería de Montes en Lugo.

¿Por que nun caso a Xunta de Goberno considera positivo o informe dunhas Xuntas como as dos centros de Agrónomos de Lugo —que, ademais, non son da mesma materia que os estudos de Montes que se queren crear— e, noutro, como en Socioloxía, desestímase o informe do único Departamento de Socioloxía que hai na Universidade de Santiago? ¿Por que no caso dos estudos de Montes ademais do informe solicitado a Agrónomos de Lugo (ETS



e EU) non se solicitou outro informe ou estudio a investigadores, expertos e universitarios forestais, se temos en conta que, entre outras cousas, hai un contencioso histórico entre o sector agrícola-gandeiro e o sector forestal e, en calquera caso, para dispor dunha información máis completa sobre a que basear tan importante decisión?

4) Con relación á proposta feita polo Consello Social e a Xunta de Goberno, de localiza-los estudos de Montes en Lugo segundo a afinidade dos estudos e especialización do campus de Lugo no sector agropecuario, a existencia de máis infraestrutura e "masa crítica" en Lugo e favorece-la creación do Instituto Universitario de Estudos Agrarios en Lugo, parécenos oportuno sinala-lo seguinte:

— A Xunta de Goberno, no seu informe relativo á proposta de creación de titulacións aprobada polo Consello Social, destina ós estudos de Montes en Lugo, no apartado 3.2., oito liñas e media, que din literalmente o seguinte: "Considérase axeitada a proposta para emprazar Enxeñería de Montes en Lugo, pola existencia neste Campus da ETS de Enxeñeiros Agrónomos e dunha EU de Enxeñería Técnica Agrícola. Existen relacións indubidables entre Enxeñería de Montes e determinadas especialidades de Enxeñeiros Agrónomos. Se aquela se sitúa en Lugo será posible conseguir un número mínimo de profesores nas áreas de coñecemento relacionadas que faga posible o desenvolvemento da investigación, pero non así se se escolle outro campus da Universidade". E este é todo o "informe" realizado polo equipo rectoral e referendado pola Xunta de Goberno para xustifica-la creación da Enxeñería de Montes en Lugo.

As Xuntas de ETS de Agrónomos e de EU de Enxeñería Técnica Agrícola de Lugo, nos informes (2 folios por centro) solicitados polo equipo rectoral, defenderon o emprazamento de Montes en Lugo pola afinidade de estudos de Montes con ámbolos dous centros, dado que estes teñen en común o 75 ou 80% dos contidos das materias dos cinco primeiros cursos, para potencia-la especialización agraria no devandito campus, para aumenta-lo número de materias

optativas e para favorece-la creación do Instituto Universitario de Estudos Agrarios.

En primeiro lugar e dado que hai dous campus (Pontevedra e Lugo) que aspiran ós estudos de Montes, parece que o máis adecuado sería realizar un estudio comparativo rigoroso entre ámbolos dous escenarios, ponderando obxectivamente tódolos criterios e as condicións que estes ofrecen en relación cos requisitos esixidos polo Consello de Universidades e outras disposicións legais e informes internacionais do máximo prestixio, para así toma-la decisión que máis contribuíse ó desenvolvemento socioeconómico, científico e de investigación tecnolóxico e cultural de Galicia no sector forestal.

Non só non se levou a cabo un estudio comparativo desta natureza, senón que en ningún momento se considerou a oferta do Complexo de Lourizán nin se solicitou un informe ó respecto, o que, desde o punto de vista dunha planificación universitaria rigorosa e acorde cos criterios científicos empregados internacionalmente, é absolutamente rexeitable.

En segundo lugar, con relación á afinidade dos estudos, á especialización do campus de Lugo, isto é o que di o informe rectoral: "Se aquela se sitúa en Lugo será posible conseguir un número mínimo de profesores nas áreas de coñecemento relacionadas *que faga posible o desenvolvemento da investigación, pero non así se se escolle outro campus da Universidade*". Convén apuntar, en liña co que establecemos nos apartados anteriores, que diferentes expertos na materia veñen insistindo na conveniencia de desenvolver autonomamente os estudos e as investigacións forestais dos estudos do sector agrícola-gandeiro posto que, polo contencioso que historicamente se produciu —e que na actualidade aínda segue vixente— entre o sector forestal e o agrícola-gandeiro, os estudos forestais saírían perdendo, quedarían marxidados no seo dos agrícolas-gandeiros e, por tanto, terían unha rendibilidade socioeconómica, científica, tecnolóxica, etc. moito menor.

Nesta liña, hai unha razón significativa e sorprendente contida no informe da ETS de Enxeñeiros Agrónomos de Lugo para xustifica-la petición dos estudos de Montes para esta provincia, que di así: "Aumentará o número de

profesores nas áreas de coñecemento do sector agrario, o que comportará o aumento das horas de dedicación do profesorado en conxunto é, en definitiva, o aumento de posibilidades de realización de proxectos de investigación".

Ademais de insistir no sector agrario e non mencionar para nada o sector forestal, parece ser, por este punto, que o problema está en conseguir máis disciplinas para aumentalo número de horas de clase e, por tanto, de dedicación do profesorado. Pero isto pode conseguirse moito máis fácil aumentando as especialidades ou, incluso, creando ou aumentando seccións da devandita ETS, unha das cales podería ser, como xa temos reiteradamente apuntado, do sector forestal en relación directa coas agrícola-gandeiras ou co sector agroalimentario (froitos forestais, etc.).

Para o desenvolvemento dun sector de tanto potencial e importancia estratéxica para Galicia como o forestal, é moi importante que os estudos e a investigación forestal teñan o máximo peso e non un carácter subsidiario ou máis ou menos marxinal nos estudos de Agrónomos, como se deduce do informe das Xuntas de Agrónomos de Lugo, onde se afirma que o 80% serían materias comúns.

Seguindo o razoamento do informe de Agrónomos de Lugo e para potenciar nas mellores condicións o sector agrícola-gandeiro e o sector forestal, como temos apuntado anteriormente e argumentaremos en adiante, o máis razoable para o desenvolvemento do sector primario de Galicia podería se-la potenciación dos estudos universitarios de primeiro, segundo e terceiro ciclo do sector agrícola-gandeiro en Lugo, cos correspondentes centros e institutos de investigación agraria, sen esquecer por iso o sector forestal, que podería contar con especialidades afíns. E a potenciación dos estudos universitarios de primeiro, segundo e terceiro ciclo en Pontevedra, para o sector forestal, cos correspondentes centros e institutos de investigación do sector forestal, da madeira e do moble, que contan na devandita provincia e, especialmente, na cidade de Pontevedra cunha ampla base (Lourizán, Misión Biolóxica, A Estrada, Silleda, Vigo, etc.), o que sería un grave erro para Galicia desdeñalo.

Por outra parte, en Lugo, nos centros universitarios que nos ocupan e tamén noutros, leváronse a cabo protestas estudiantís por falta de profesorado e de infraestrutura. Chegouse ó extremo de dicir que aínda que podían crearse os estudos de Montes nesta cidade, non poderían iniciá-la súa andadura para o curso 89-90 por falta de profesorado e, cando o fixesen, a meirande parte do profesorado, durante bastante tempo, sería do sector agrícola-gandeiro. No informe rectoral dise literalmente: "Se aquela se sitúa en Lugo será posible conseguir un número mínimo de profesores nas áreas de coñecemento relacionadas que faga posible o desenvolvemento da investigación, pero non así se se escollen outros campus da Universidade". Isto supón unha desconsideración e un descoñecemento total da realidade de Pontevedra no que se refire ás plenas posibilidades que ofrece o Complexo de Lourizán e outros centros e institucións emprazados en Pontevedra e provincia (Misión Biolóxica, Colexio Universitario de Vigo, AFRIFOGA, Centro de Investigación de ENCE, etc.) para contar con investigadores, expertos e profesionais universitarios ó máis alto nivel no sector forestal e coa infraestrutura, os equipamentos, as instalacións, os servizos e a capacidade material e humana.

Pontevedra contén a maior porcentaxe de investigadores, expertos e profesionais do sector forestal de toda Galicia, con bastante diferenza sobre o resto.

Pontevedra, no Complexo de Lourizán, na Misión Biolóxica e noutros centros públicos e privados, conta cos investigadores e universitarios do sector forestal, pero tamén doutros campos afíns (Bioloxía, Química, Enxeñería Industrial, Economía, etc.), coas posibilidades de intercambios, internacionais e estatais, con centros de investigación e escolas superiores forestais, para facer fronte ós estudos superiores de Montes nas mellores condicións.

No informe presentado polas Xuntas de Agrónomos de Lugo, defenden a instalación de Montes na devandita cidade para "favorece-la creación do Instituto Universitario de Estudos Agrarios". En Pontevedra, desde o ano 1943 está en funcionamento, en Lourizán, o Centro Rexional de Ensinanzas e Experiencias Forestais, desde 1954 a Escola de Capataces Forestais

e desde 1975 o Centro de Investigacións Forestais, que teñen un recoñecemento internacional do máis alto nivel pola súa tradición investigadora, no que se valora por riba de todo a súa "masa crítica", a súa "familia investigadora", as condicións que ofrece Lourizán para as ensinanzas e investigacións forestais polo seu persoal técnico, auxiliar e de servizos, ademais dos profesores e investigadores, polos seus laboratorios, arboredo, viveiros, instalacións, infraestrutura e servizos, pola seu terreo, polos intercambios científicos que realiza con centros do máximo prestixio internacional, etc... Lourizán foi seleccionado pola ETS de Enxeñaría de Montes de Madrid para impartir no seu Complexo estudos de doutoramento e para que os estudantes realicen prácticas.

En definitiva, Pontevedra ofrece as condicións máis axeitadas para dispor dos equipamentos, a infraestrutura, a especialización e os estudos afíns e, o que é máis importante, do profesorado, da masa crítica, dos investigadores, para que os estudos de Montes poidan funcionar canto antes en Lourizán. Pero é que, tamén, de acordo cos requisitos esixidos polo Consello de Universidade, Lourizán e Pontevedra ofrecen unhas condicións superiores a outras zonas para contratar profesores do sector forestal e establecer relacións de intercambio con outros centros e profesores e investigadores de España e doutros países, dado que estas relacións están institucionalizadas en Lourizán desde hai anos.

En Lourizán tampouco é necesario partir de cero para facer posible o desenvolvemento da investigación forestal, porque esta vén desenvolvéndose neste Complexo con amplo recoñecemento a partir dos anos 40.

Por todo iso, o que parecería máis lóxico desde o punto de vista da planificación universitaria sería, antes de crear outros centros, antes de partir practicamente de cero en estudos como os de montes, aproveitar e potenciar centros existentes, como Lourizán e o seu contexto, que ofrecen as mellores condicións e garantías en Galicia para levalo a cabo.

¿Por que se intenta partir practicamente de cero na creación dos estudos de Montes cando Galicia dispón do Complexo de Lourizán, que

conta cunha recoñecida tradición no ensino e na investigación forestal?

¿Por que en Galicia non se intenta potencia-lo sector agrícola-gandeiro desenvolvendo o campus de Lugo nos estudos agroalimentarios coa infraestrutura, os servizos, as instalacións, os equipamentos, os recursos materiais e humanos e a masa crítica necesaria e a creación e potenciación do Instituto Universitario de Estudos Agrarios? ¿Por que non se desenvolve o sector forestal, da madeira e do moble co desenvolvemento en Pontevedra cos estudos superiores de Montes e doutros centros e estudos destinados á madeira e ó moble, dado que, ademais, se conta cun centro de tanto prestixio como Lourizán e con outros centros e estudos afíns no contexto próximo que o fan posible?

¿Acaso non sería máis conveniente e rendible para Galicia, para o sector primario galego, desenvolve-los estudos do sector agrícola-gandeiro en Lugo (que como xa citamos poderían incluír especialidades forestais afíns, como a de froitos forestais) e o sector forestal, madeireiro e do moble en Pontevedra?

Polo que se refire á infraestrutura á que tamén se alude nos anteriores informes para xustifica-lo emprazamento de Montes en Lugo, é preciso destacar que Pontevedra, no Complexo de Lourizán e nas institucións e centros afíns, ofrece unha infraestrutura, servizos, edificios, terreo apropiado, etc. moi superior, no campo forestal, á de calquera outro campus, coa particularidade de que esta infraestrutura e equipamento está rodada e en pleno funcionamento desde hai bastantes anos nos campos da ensinanza e da investigación forestais.

Finalmente, queremos sinala-la contradición na que incorren tanto o Consello Social como a Xunta de Goberno. Segundo os seus "razoamentos" a Lugo, por poñer por caso, dáselle Montes porque "ofrece a infraestrutura, o profesorado, estudos afíns, a especialización adecuada, potencia a investigación, aumenta as materias optativas, etc., que outros campus non ofrecen" (o que, cando menos, non é de todo certo xa que en Lugo se produciron bastantes protestas estudiantís na área agrícola, que inclúe tamén Veterinaria, pola carencia de infraestrutura e profesorado e, despréciase olímpicamente a oferta do campus de Pontevedra no sector

dos estudos forestais) e ¡¡¡a Ourense se lle dá Socioloxía!!! en contra do informe do Departamento de Socioloxía e por todo o contrario do que se razoou para Lugo (porque, aínda que non ten nin infraestrutura, nin centros afíns que si teñen outros campus, nin a masa crítica, nin a tradición investigadora...). O informe do rectorado, co maior descaro, di: "é certo que por razóns de relación con outras titulacións xa existentes sería máis axeitado creala —refírese a Socioloxía— en Santiago ou incluso en Vigo ou A Coruña, onde existen estudos de Economía e Dereito. Sen embargo, enténdese que este argumento pode aplicarse a calquera titulación, o que levaría a que en Ourense non se aumentase a oferta existente". Chegouse ata o extremo de citar á EU de Empresariais e á Sección de Psicoloxía do Colexio Universitario de Ourense como xustificación da creación de Socioloxía en Ourense, cando estes centros ofrecen un profesor titular de Socioloxía dunha materia cuatrimestral, na EU, e outro profesor de Socioloxía contratado na Sección de Psicoloxía. Pero, se non se lle dá algo —poño que se ve non importa que "ese algo" non teña ningunha base nin precedentes en materia de planificación universitaria nos países civilizados— nunca conseguiría ampliala súa oferta universitaria.

É evidente que este mesmo argumento podería aplicarse a outros campus e, especialmente, ó de Pontevedra porque, ademais, seguindo o argumento rectoral, conta cunha oferta universitaria moi reducida (cando no curso 88-89 se discutía pola Universidade de Santiago sobre o emprazamento de Montes), como son a EU de Formación do Profesorado de EXB e a EU de Enfermería (dependente da Deputación Provincial) que representa o 1,71 % do total da oferta universitaria galega, mentres que de Pontevedra emigran máis de 3.000 universitarios a estudar noutros campus. Pero é que, para máis inri, Pontevedra, pola contra do que sucede en Ourense con Socioloxía, conta no sector forestal, como demostramos fidedignamente, con infraestrutura, equipamentos, "masa crítica", posibilidades de contratación de profesorado, especialización, etc... para xustificar obxectiva, racional e rigorosamente a localización dos estudos superiores de Montes no Complexo de Lourizán.

## **6. AS AUTORIDADES COMPETENTES GALEGAS, LOURIZÁN E AS POTENCIALIDADES ESTRATÉXICAS DO DESENVOLVEMENTO FORESTAL MADEIREIRO E DO MOBLE EN GALICIA**

Por todo iso, a pregunta que deben responder-las autoridades competentes, as institucións representativas galegas é a seguinte: ¿Pode Galicia permitirse o luxo de desaproveitalo complexo de Lourizán para crear e instalar no seu seo os estudos universitarios do sector forestal a pesar de que este centro conta coas instalacións, a infraestrutura e os servizos, os equipamentos, os recursos, cunha ampla tradición científica e investigadora e un prestixio internacional e estatal recoñecido na materia, que o converte no lugar máis idón para aproveitar e potencia-lo sector forestal galego nas mellores condicións?

En Francia, en concreto no bosque das Landas na rexión de Aquitania (Burdeos, etc.), a planificación racional do bosque, a creación dun axeitado dispositivo institucional forestal tanto público como privado, dun sistema educativo e de investigación no sector forestal e da madeira, dun marco legal apropiado, dunha canle de participación das poboacións de base, dos municipios, dos propietarios do monte e dos profesionais do sector forestal e madeireiro, transformou o que era unha lameira a fins do século XVIII, que non superaba as 250.000 ha. por onde transitaban con grande esforzo os peregrinos que se dirixían a Santiago de Compostela, nun bosque, nun complexo forestal de gran riqueza desde o punto de vista económico, ecolóxico, ambiental e de ocio que actualmente ten unha extensión de 1.166.000 ha., practicamente igual cá superticie forestal galega que é de 1.129.361 ha., coa particularidade de que Galicia está situada nunha zona ecoloxicamente moito máis favorable para a produción forestal, nunha das zonas de Europa máis propicias para o aproveitamento da riqueza forestal.

Sen embargo, as condicións de planificación económica, tecnolóxica, ambiental, de aproveitamento da riqueza forestal, no caso do bosque das Landas, ó dispor dunha infraestruc-



tura e servicios, dunha xestión e organización institucional, educativa, tecnolóxica e de investigación forestais ademais dos suficientes recursos económicos, materiais, organizativos e humanos xeraron uns rendementos moi superiores ós dos bosques galegos<sup>7</sup>.

O señor Porlanne, Presidente do Sindicato de Silvicultores do Sudoeste de Francia, declaraba a propósito do bosque das Landas: "Un millón de hectáreas, metros cúbicos en abundancia, fábricas de parqué, paneis, etc., unha cifra de negocios que fai do bosque unha das principais actividades rexionais. Pero non podemos esquecer, non debemos esquecer a riqueza vital e ecolóxica do bosque. Partide a pé á aventura, descubride a lagoa e as correntes silenciosas de mil reflexos verde e ouro. Desta forma coñeceré-lo bosque, que vos terá dado o mellor de si mesmo, así tamén o amaredes, o respectaredes e o protexeredes".

En definitiva, o bosque galego require todo un proceso de atención, cultura e protección para conseguir unha rendibilidade económica e ambiental, ecolóxica e recreativa, sen que o económico se transforme na obsesión de sacalo maior e máis rápido beneficio en prexuízo da dimensión ecolóxica e ambiental; é dicir, o bosque de produción non pode entrar en contradición co bosque de protección e de lecer, co equilibrio ecolóxico e paisaxística, sen que a pretensión de conseguir centros universitarios a calquera prezo hipoteque a localización máis idónea destes, de tal maneira que permita o mellor aproveitamento forestal.

Trátase, pois, de deseñar un desenvolvemento equilibrado, o que se caracterizou como ecodesenvolvemento, desenvolvemento auto-centrado, no que ocupa un lugar importante a planificación equilibrada e integral da formación e dos estudos universitarios, e non un desenvolvemento depredador e esquilador que xere pan para hoxe e diplomas universitarios en cada recuncho sen preocuparse da súa calidade, e fame e paro para mañá<sup>8</sup>.

Para facer posible este desenvolvemento equilibrado é necesario enfrontarse ós localismos tribais, ós corporativismos funcionariais, profesionais e universitarios, e ós centralismos absorbentes e monopolizadores. Cómpre preciso dotarse dos medios económicos e materiais, da

infraestrutura e os servicios necesarios, os recursos técnico-científicos e de investigación, das instancias educativas ós diferentes niveis e, de forma especial, da estrutura organizativa e da vontade firme e integradora que o fagan posible, que permitan unha planificación racional dos recursos galegos, un máximo aproveitamento do bosque e do monte, tanto no terreo económico como no ecolóxico, ambiental e recreativo.

O sector agroalimentario está sendo considerado en tódalas análises internacionais de planificación de recursos e do desenvolvemento como un sector punta. A revista *Science et Avenir*, nun número especial (nº 71, xaneiro 1988) titulada *Formation 2000*, incluía ó sector agroalimentario entre os sectores de maior porvir, xunto ós de telecomunicacións, biotecnoloxías, materiais (cerámicas, aliaxes, plásticos de altas prestacións, etc.) e mecánica (robótica, automatización da produción, etc.).

Por outra parte, o sector forestal está, tamén, adquirindo moito interese, ata o punto de que a CEE, por primeira vez, vai legislar en materia de política forestal.

Dada a complexidade, a diversidade e posibilidades de desenvolvemento e investigación no sector agroalimentario (biofritos, horticultura, produtos conxelados, vitaminados, deshidratados, ultrafrescos, dietéticos, *biofidus*, produtos de cuarta gamma, azucres líquidos industriais, pratos cociñados, etc.), requírense novas tecnoloxías para competir nas mellores condicións na industria e no mercado agroalimentario (cocción-estrusión, ionización, *cracking*, etc.). Todo o que esixe para o devandito sector un sistema educativo e de investigación complexo, autónomo e moi desenvolvido, que responda ás demandas dos novos tempos.

Se reparamos que en Galicia non se dispón dos mesmos recursos científicos, económicos, de infraestrutura e servicios, etc., dos países que están máis en punta no sector agroalimentario e no sector forestal, o máis apropiado podería ser partir da realidade existente e intentar desenvolver razoablemente ben, de forma planificada e cos debidos recursos, cada sector autonomamente e non mal, a treu os dous xuntos. É dicir, o sector agrícola-gandeiro, agroalimentario en Lugo e a súa provincia, cos estudos de

primeiro, segundo e terceiro ciclo, en colaboración directa con institutos e centros de investigación, en conexión estreita co contexto e os sectores socioeconómicos e industriais, sen esquecer en ningún caso a relación e interdependencia coa Formación Profesional, as cooperativas e as explotacións en pequenas, medianas e grandes empresas. E, en Pontevedra e a súa provincia, a partir da base importante coa que conta o sector forestal, madeireiro e do moble<sup>9</sup>.

Agardemos, por tanto, que, de acordo co que declarou unha máxima autoridade da Xunta de Galicia ó dar conta en rolda de prensa da creación de novas universidades galegas, Galicia, ó igual ca Xapón, está vivindo unha nova era de éxito e progreso, e consecuentemente con iso os planificadores galegos da Universidade, e doutros sectores, deberán estar á altura da devandita era.

## NOTAS

1. Sobre a superticie forestal, a produción de pasta, madeira e papel en Galicia, España e o mundo, véxase: Informe Luis Suárez-Llanos, *La localización en Pontevedra de los estudios del sector forestal*. Deputación de Pontevedra, decembro de 1988. Véxase tamén: *Europa en cifras*, CEE, 1992; *The Economist, El mundo en cifras*, Ed. Deusto, 1991; *La agricultura gallega*, Ed. Caixa de Aforros de Ourense, 1992.
2. FAO, *Lista mundial de Escuelas Forestales*, 1991.
3. Sobre estes aspectos históricos do campo forestal, véxanse tamén: "Almacén de frutos literarios", (Tomo IV), *Apuntaciones sobre los montes de Galicia y Asturias*, 1800; A. Carrera Cejudo, *La repoblación forestal. Un año en Galicia*, 1920; J.M. Castellarnau, "La enseñanza de las ciencias naturales en la carrera de Ingeniero de Montes", *Revista de Montes*, pp. 131-137 e 161-169; O. Elorrieta, "El Instituto Forestal de Investigaciones y Experiencias" en *Montes e Industrias*, números 34-36, 1933/34; A. Fenech y Artells, *Los montes públicos de Galicia*, Madrid, 1884; A. Gaité y Núñez, *Consideraciones en defensa de los montes públicos de Galicia*, Pontevedra, 1885; L. García de Longovia, *Discurso sobre la conservación de montes del Principado de Asturias y algunos de Galicia*, Pamplona, 1798; P. González de la Peña, "Los montes y la administración forestal en el Parlamento de la Alemania del Norte", *Revista Forestal*, pp. 208-223, 1870; Guaita, *Régimen jurídico-administrativo de los montes*, Santiago de Compostela, 1951; L. Hernández Robredo, "¿Por qué Galicia no se repuebla de arbolado?", *El Cultivador Moderno*, n<sup>o</sup> 3, Barcelona XV, 1927; E. Huguet del Villar, *Los suelos de la Península Luso-Ibérica*, Madrid, 1937; R. Jordana, "Observaciones sobre la administración forestal de España", *Revista Forestal*, pp. 271-282, 1868; R. Jordana, "La agricultura y los montes", *Revista Forestal*, pp. 657-671, 1871; J. Pesqueira, "Retablo de Galicia. El Padre Rosendo Salvado. Cómo y porqué el eucalipto, árbol nativo de Australia vino y se avecindó en Galicia", *Finisterre, Revista de Galicia*, n<sup>o</sup> 6, pp. 18-19 e 27, Pontevedra, 1944; S. Rodríguez, *El Padre Salvado. Un gallego civilizador de Australia*, Madrid, 1944; F. Segura Sempere, "El mejor de los árboles (eucalipto)", *Revista de Montes*, pp. 320-322, 1891; F. Somoza, *Estorbos y remedios de la riqueza de Galicia*, Madrid, 1775; G. Schulz, *Drecripción geognóstica del Reino de Galicia*, Madrid, 1835 e 1930; Duque de Terranova, "Porvenir Forestal de Galicia", *Montes*, n<sup>o</sup> 1, pp. 29-30, 1945; F. Tolsada Picado, *Bibliografía española de agricultura (1495-1900)*, Madrid, 1953; B. Torre y Rojas, *Fundación de la Escuela y Cuerpo de Ingenieros de Montes*, Madrid, 1866; P. Urquiso Landeluce, "Agricultura gallega. Las rozas de montes", *Agricultura*, n<sup>o</sup> 45, pp. 553-566, Madrid, 1942; A. Valenzuela y Ozores, *Memoria agronómica o consideraciones sobre el mejoramiento forestal, prático y pecuario de la provincia de Pontevedra*, Ed. A. Antúnez, Pontevedra, 1865; P. Ventalla y Vintro, *Los gomeros de Australia en la regeneración forestal de España. Tratado de cultivo del eucalipto*, Tarrasa, 1877; P. Ventalla y Vintro, *La repoblación forestal y el eucalipto en ella*, Tarrasa, 1908; F. Vid Beullot, "Las comunidades del *Pinus Pinaster Sol.* en el occidente de Galicia", *Anales de Edafología*, n<sup>o</sup> 1, pp. 75-119, 1949.
4. Pedro J. Arbolí Albarracín, "Montes y riqueza forestal en Pontevedra", *El Campo*, n<sup>o</sup> 886, pp. 72-74, 1982.

5. Instituto de Estudios e Desenvolvemento de Galicia da Universidade de Santiago, "Estudio preliminar sobre posibles espacios naturales a proteger", *El Campo*, nº 86, pp. 75-79, 1982.
6. Proposta do Consello Social da Universidade de Santiago, sesión do 29 de decemhro de 1988. Acordo da Xunta de Goberno da Universidade de Santiago sobre novas titulacións-informe sobre a proposta do Consello Social, sesión do 17 de xaneiro de 1989.
7. Maison de la Forêt, *La forêt landaise*, Service de Documentation de la Maison de la Forêt, Bordeaux, 1991.
8. Sobre o codesenvolvemento, I. Sachs, J.P. Ceron, D. Théry, *Agricultura y Sociedad*, nº 45, outubro-decembro 1992, neste número analízase amplamente o concepto de codesenvolvemento e estúdiáanse distintos casos mundiais. Contén ampla bibliografía. En Galicia véxase *A iniciativa lexislativa popular de defensa do patrimonio forestal de Galicia*, Parlamento Galego, Santiago, 1988.
9. Sobre o desenvolvemento do sector primario galego e as posibilidades, dentro deste, do sector

forestal, José Luis Méndez, Director Xeral de Caixa Galicia, en entrevista publicada en *Economía Galega*, (nº 10, xaneiro 1989) responde a pregunta: "¿Caixa Galicia vai volcarse de forma especial nos sectores primarios?", da seguinte maneira: "Fixemos estudos da estrutura actual de Galicia, ben baseados nas táboas input-output ou no informe de renda anual que facemos en colaboración coa Universidade e, ó mesmo tempo, fixemos traballos en relación a que vai suceder ou que cremos que pode suceder en todo o Norte de Portugal e Galicia en canto a adhesión ó Mercado Común. E hai unha serie de sectores moi afíns a todo o sector agrario, en dous grandes capítulos, fundamentalmente. *Todo o que é a área forestal e a súa explotación para fins de pasta, mobles e aglomerados, onde aquí hai unha gran conexión co Norte de Portugal. Eles teñen un gran deseño artesanal, cousa que descubrín hai moi pouco. E é un tema que os galegos deberíamos ter moi en conta para crear unha industria base do moble, con deseño noso...*".